

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de marzo de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezanove de marzo de dous mil sete e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(406).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(407).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE “VIGUESES DISTINGUIDOS 2007”. EXPTE. 1211/113.

A Xunta de Goberno local retira este punto da orde do día.

3(408).- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2007. EXPTE. 25929/511.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 12.03.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

De acordo cos datos obrantes na Administración de Tributos Municipal así como da información recibida da Xefatura Provincial de Tráfico durante o ano 2006 e xaneiro do ano 2007, e aplicando a normativa do imposto prevista no RDL 2/2004 de 5 de Marzo (Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) así como na ordenanza fiscal reguladora, tense elaborado o Padrón fiscal do ano 2007 do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que obra no presente expediente e se presenta á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación.

A diferenza neta de vehículos entre 2006 e o ano 2007 ascende a 7.312 vehículos (4.60 % de incremento). Este dato resulta singular respecto a outros anos debido o cambio na normativa do imposto de forma que non é necesario a aportación do recibo do ano en curso, senón o do ano anterior, para dar baixas ou transferencias na Xefatura de Tráfico. En consecuencia figuran incluídos no padrón do 2007 aproximadamente 2.500 vehículos que en anos anteriores non estaban incluídos no documento padrón, por ter realizado autoliquidación nos meses de xaneiro e febreiro previos a emisión do documento padrón anual.

Excluindo o número de vehículos no que cambiou o procedemento de ingreso do imposto no presente exercicio 2007, o incremento de vehículos de 2007 respecto a 2006 e similar o de 2006 respecto de 2005 e anteriores (aproximadamente 2,8%). En consecuencia nos resultados totais da partida presupuestaria para o exercicio 2007 non se apreciara o incremento extraordinario que, aparentemente, revela o documento padrón: O incremento de vehículos do 2007 respecto do 2006 será dun 3.15% e o incremento de cota dun 6.18%.

Resulta significativa a comparación por tipo de vehículos: incrementa un 1.84 % os vehículos de menos de 8 CV, un 4.27% os vehículos de 8 a 12 CV, un 3.15% os vehículos de 12 a 16 CV, un 10.44% os de 16 a 20 CV e un 13.21% os de mais de 20 CV, debido a que os novos vehículos dados de alta son de maior potencia.

De acordo co artigo 8.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, nos ciclomotores e motocicletas de ata 125 cc. as cotas anuais deberán ingresarse polo procedemento de autoliquidación e non se inclúen no padrón anual. Son 11.655 ciclomotores e 5.567 motos de ata 125 cc.

O incremento en termos de cota total entre 2006 e 2007 ascende a 976.654,81 euros, un 7.65 % respecto do importe do padrón do ano 2006, distribuíndose este incremento entre 3.9 % imputable a modificación de tarifas e un 3.6 % ó incremento do número de vehículos é a súa maior potencia fiscal.

Concedéronse exencións por minusvalía a 3.588 suxeitos pasivos por importe de 341.581,65 euros.

Á vista do anterior, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Aproba-lo Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2007, que comeza coa inscrición do vehículo matrícula 0554 BBB e remata coa inscrición do vehículo matrícula ZA-39752-VE, polo importe total de 13.737.917,95 euros (trece millóns setecentos trinta e sete mil novecentos dezasete euros con noventa e cinco céntimos), correspondentes a un total de 166.338 vehículos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(409).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 13/1474, 11/1441, 11/1443, 11/1434, 12/1494, 12/1698.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Concepción March Cancela. Expte. 13/1474.
- D^a. Elvira Crespo García. Expte. 11/1441.
- D^a. Carmen Freijedo Pérez. Expte. 11/1443.
- D^a. Edelmira Correa Rodríguez. Expte. 11/1434.
- D^a. Luz Martínez González. Expte. 12/1494.
- D^a. Alicia Conde Pomar. Expte. 12/1698.

5(410).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN SECRETARIADO GENERAL GITANO PARA A INTERVENCNIÓN SOCIAL INTEGRAL NO MARCO DA ATENCIÓN PRIMARIA MUNICIPAL DAS MINORIAS ÉTNICAS CIGANA E XITANA.EXPTE. 19312/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informe xurídicos do 11.01.07 e 18.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Sección de Coordinación, do 1.03.07, conformado pola delegada de Área de Participación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Fundación Secretariado General Gitano para a “Execución do proxectos de intervención social integral no marco dos servizos sociais municipais específicos de atención primaria para as minorías étnicas cigana e xitana que residen nesta cidade” coa realización das actuacións concretas que figuran na cláusula terceira do mesmo.

Este convenio terá vixencia dende a súa aprobación ata o 31 de decembro do 2007. Para efectos de xustificación de gastos recolleranse as accións realizadas dende o 2 de xaneiro do presente ano.

A contribución económica do Concello será de cento cinco mil euros (105.000 €) con cargo á partida nº 3130-2260800.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GENERAL GITANO PARA A INTERVENCIÓN SOCIAL INTEGRAL NO MARCO DA ATENCIÓN PRIMARIA MUNICIPAL DAS MINORIAS ÉTNICAS CIGANA E XITANA

En Vigo , a ... de de 2007

INTERVEÑEN:

Ilustrísima señora Dona. Corina Porro Martínez Alcaldesa do Exmo Concello de Vigo, nomeada na sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, en representación do mesmo, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Doutra parte, D. Pedro Ponte Fernández, na súa calidade de Presidente da Fundación Secretariado Xeneral Xitano, nomeado en Asemblea Xeral Ordinaria, o 3 de xullo de 2001. A Fundación Secretariado Xeneral Xitano ten como fin fundamental a promoción integral da comunidade desde o recoñecemento da súa identidade cultural.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a Constitución Española recoñece expresamente no seu artigo 14 o principio de igualdade dos españois diante da lei, sen que poida prevalecer discriminación por razón de nacemento, raza, sexo , relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Segundo o establecido no apartado 2 do artigo do Texto Constitucional, correspondelles aos poderes públicos promover as condicións para que la liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos no que se integra sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Segundo.-O Estatuto de Autonomía de Galiza, Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril (BOE nº 101, do 28/04/81) determina, en correspondencia coa Constitución, que a materia de asistencia social é de exclusiva competencia da Comunidade Autónoma (art. 27.23).

A Lei Galega 4/1993 do 14 de abril, reguladora dos Servizos Sociais establece como áreas de actuación dentro dos servizos sociais de atención primaria de competencia municipal, entre outras ás minorías étnicas, sinalando entre os seus obxectivos a realización de programas de inserción social de grupos con problemáticas de marxinación e exclusión social.

Terceiro.- Que a lei 7/ 1985 Reguladora de Bases de Régimen Local establece no seu artigo 25 a posibilidade de que os Concellos exerzan a "Prestación de Servizos Sociais e de Promoción e Inserción Social", sendo competencia de obrigado exercizo para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

Cuarto.- Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de actividades, concretadas segundo determina o artigo 87 da citada Lei 7/1985, e recoñece o artigo 3 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, que apoia a iniciativa social.

Quinto.- Que a intervención social integral específica ,de acordo cos principios de universalidade e normalización dos servizos sociais municipais, e respectuosa cos valores e cultura destas minorías étnica é a mellor e máis eficaz forma de acadar a integración e plena participación na sociedade na que viven así como a eliminación dos riscos de marxinación e exclusión social, obxectivo polo que o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado General Xitano estableceron xa un convenio de colaboración, que ven renovándose dende abril de 2001.

Sexto.- Que as dúas partes conveñen na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social das comunidades xitana e cigana seguindo as Directrices do Plano de Acción para o Emprego do Reino de España, do Plano Nacional de Acción para a Inclusión Social e as recollidas no Plano Galego de Inclusión Social 2007-2012 da Xunta de Galicia.

Sétimo.- Que o convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xeneral Xitano queda fora do ámbito do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, por figurar excluído no artigo 3 da citada Lei.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarias da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, lembran subscribir o presente Convenio de Colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- O presente Convenio ten como obxecto fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento dunha intervención social integral para a atención, prevención da marxinação e inserción do Pobo Xitano e da minoría cigana no termo municipal mediante a execución das actividades e servizos que se describen a continuación na cláusula terceira.

Segunda.- A Fundación Secretariado Xeneral Xitano se compromete a prestar os servizos e desenvolver os proxectos e actividades obxecto do presente convenio axustándose ós criterios de responsabilidade social, coherencia, transparencia e calidade que son esixibles en todo momento, estando obrigada ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como a correspondente cobertura de Responsabilidade Civil.

Terceira.-A Fundación Secretariado Xeneral Xitano, no marco do Programa de Intervención Social integral das minorías xitana e cigana do Concello,, desenvolverá as seguintes actuacións:

- Atención individualizada , elaboración de un plan de intervención familiar e seguimento a aquelas unidades familiares destes grupos étnicos que teñan un diagnóstico social moderado, grave ou moi grave e que sexan derivados pola traballadora social da UBAS á que pertenezca.
- Desenvolvemento de actuacións grupais encamiñadas a adquisición de habilidades básicas, de relación e participación que faciliten a inclusión social d@s adult@s cigan@s e xitan@s .
- Realización de actividades de carácter educativo a nivel grupal destiñadas a favorecer un lecer educativo entre os menores, que reforce a súa participación social, mellore o seu currículo escolar e preveña a marxinação social e os comportamentos autodestructivos.
- Desenvolvemento de accións destiñadas á mellora das condicións da vivenda e ao aumento da adaptabilidade das familias a novo entornos convivenciais. Estas accións definiranse cun nº determinado de familias.
- Actuacións comunitarias dirixidas á prevención no eido da saúde especificamente e naqueles outros que dende a Comisión de seguimento do convenio se establezan.

Para o desenvolvemento destes servizos e proxectos a Fundación Secretariado Xeneral Xitano se compromete a dotarse do persoal técnico necesario, que acredite suficiente preparación e experiencia para a xestión dos mesmos.

Cuarta.- O presente convenio estará vixente desde o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2007, sendo causa de rescisión o incumprimento das cláusulas do mesmo, previo informe da Comisión de Seguimento. Para efectos de xustificación de gastos recolleranse as accións realizadas dende o 2 de xaneiro do presente ano.

Quinta.- A dotación económica para a execución dos proxectos e servizos obxecto deste convenio, será aportada polo Concello de Vigo, que se reserva a facultade de solicitar para iso as axudas que estime oportunas, axustándose ó principio de adicionalidade.

A dotación económica para o ano 2007 será de cento cinco mil euros (105.000 €) con cargo á partida nº 3130-2260800.

O pagamento de dito importe realizarase da seguinte forma:

- O 50% do importe total anual á sinatura do presente convenio,
- Un 25% adicional no mes de xullo.
- O 25% restante a final do ano, contra a xustificación do total do gasto e memoria anual.

Os abonos realizaranse contra certificación do Departamento de Benestar Social na que se faga constar que o obxecto do convenio estase a realizar coas condicións estipuladas na memoria que se achegará .

Sexta.- A Fundación do Secretariado Xeneral Xitano, con suxeición á normativa aplicable e ós termos dos convenios e instrumentos que ó efecto se subscriban, desenvolverá estes proxectos e actuacións con profesionais asinados a tal fin, en exclusividade para o Concello e en locais municipais, obrigándose ó estricto cumprimento das instrucións do Concello de Vigo.

Sétima.- Se como consecuencia do convenio que poda subscribir o Concello de Vigo coa Xunta de Galicia se acordase a supervisión desta sobre, proxectos e actividades comprometidos neste acordo, actuarase en todo conforme ás condicións que adicionalmente sinala a Xunta de Galicia.

Oitava.- Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas ou interpretacións do convenio, se creará unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ó respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio. A elaboración e execución efectiva das propostas será obxecto da competente supervisión por parte do Concello de Vigo.
- b) A determinación dos obxectivos do plano anual de traballo.
- c) A supervisión dos procesos de coordinación cos servizos sociais de atención primaria, informes de seguimento e avaliación do seu desenvolvemento.
- d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- e) Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico a través dos respectivos representantes designados pola referida comisión atal efecto.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento estará integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo. Os representantes do Concello serán nomeados polo Alcalde a proposta da Concelleira Delegada da Área de Participación Cidadá, tendo que reunirse, alomenos, catro veces ó ano.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Novena.- Con carácter trimestral, a Fundación Secretariado Xeneral Xitano presentará un informe detallado da actividade de cada proxecto e as súas actividades integrado dentro deste convenio. Ditos informes son preceptivos para poder visar, por parte da funcionaria encargada da supervisión dos proxectos, o certificado de finalización das actividades e cumprimento dos obxectivos do convenio.

Os grupos de traballo que se establezan para o adecuado seguimento deste convenio poderán afondar no contido de ditos informes de actividade, servíndose dos mesmos para realizar os cambios que se consideren oportunos con vistas á mellora continua da calidade dos servizos e proxectos que se desenvolven ó amparo deste convenio.

Asemade a Fundación deberá xustificar periódica e documentalmente o cumprimento das súas obrigas laborais e de seguridade social respecto ó persoal que, baixo a súa exclusiva dependencia, leva a cabo as actuacións previstas no convenio.

A Fundación Secretariado Xeneral Xitano se compromete a que, ó finalizar o presente exercicio, no mes de decembro, remitirá unha memoria completa das actividades, así como un cadro dos datos estatísticos xerados polo proxecto.

Décima.- As accións que se executen no desenvolvemento establecido no presente Convenio de Colaboración, se axustarán en todo momento ós requirimentos, condicións, prazos legais e regulamentación en xeral contidos na normativa que resulte aplicable en función da materia.

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal se axustarán ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Regulamentación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal.

Undécima.- As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste Convenio ás actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grao de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados. A identificación destes proxectos levarase a cabo de forma que a identidade corporativa dos asinantes se respete en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte dos usuarios da mesma e por parte da cidadanía en xeral. Asimesmo, deixarase constancia da participación do Fondo Social Europeo, naquelas accións que sexan financiadas, en todo ou en parte, por este Fondo Estructural, a tenor do disposto na Decisión da Comisión das Comunidades Europeas de 21 de marzo de 1999.

A Fundación Secretariado Xeneral Xitano se compromete a que, ó finalizar o presente exercicio, no mes de decembro, remitirá unha memoria completa das actividades, así como un cadro dos datos estatísticos xerados polo proxecto.

As partes, en proba da súa conformidade, asinan o presente Convenio de Colaboración, en triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezado.

6(411).-SOLICITUDE DO SERVIZO DE DEPORTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A CARREIRA “10 KM. CIDADE UNIVERSITARIA” O DÍA 1.04.07. EXPTE. 6880/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.02.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ó Servizo de Deportes da Universidade de Vigo a organizar o vindeiro domingo 1 de abril de 2007, unha carreira denominada 10 KM. CIDADE UNIVERSITARIA, e que terá lugar no viais interiores da Universidade, carril bici que circunvala o Campus e paso pola rotonda de acceso ó Campus dende a autopista A-52, dende as 11.00 horas ata as 13.00 horas.

7(412).- SOLICITUDE DO CLUB TRIATLÓN VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A PROBA DUATLÓN RECONQUISTA DE VIGO O 25.03.07. EXPTE. 6899/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Triatlón Vigo, a organizar o vindeiro 25 de marzo de 2007, a proba denominada DUATLÓN RECONQUISTA DE VIGO, cun percorrido polo novo Polígono de Navia, entre as 11.00 horas e as 12.30 horas.

8(413).- OBRAS E SERVIZOS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE PROGRAMAS E COOPERACIÓN- ANO 2007. EXPTE. 4304/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora do Plan municipal de Emprego, do 14.03.07, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O Plan municipal de emprego 2004-2007 foi aprobado, por unanimidade, o 26 de xaneiro de 2004 e contempla, para a promoción do emprego, os “Programas de contratación para a inserción”, que engloban ao Programa Bial (de financiamento exclusivamente municipal) e os Programas de cooperación e Labora (subvencionados pola Xunta de Galicia e o último xa derogado).

A Orde do 31 de xaneiro de 2007 da Consellaría de Traballo regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o ano 2007, pola que se subvenciona a contratación, por parte das entidades locais, de persoal traballador desempleado con especiais dificultades de inserción, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Así, a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais, segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.

É por isto que Desenvolvemento Local e Emprego solicitou dos diferentes departamentos municipais a elaboración de proxectos de actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, segundo o Acordo regulador vixente para beneficiarios/as de programas de emprego no Concello de Vigo e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento.

Para o presente ano 2007, de resultas desta solicitude enviada, os distintos departamentos municipais presentaron unha batería de 11 proxectos para a contratación de 175 traballadores/as naqueles ámbitos nos que, seguindo as indicacións dos/as seus/súas responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; o custo salarial destas 174 contratacións ascende, aproximadamente, a 1.409.064,20 €, aplicando o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.

Así, no cadro adxunto resúmese os datos básicos dos proxectos que potencialmente poderán ser presentados á convocatoria de Programas de Cooperación neste ano 2007, especificando, para cada un deles, o número e perfís dos/as traballadores/as solicitados/a, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita).

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobado as memorias para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación 2007, que se resumen no cadro adxunto.
2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 1.409.064,20 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de ser aprobados pola Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

Departamento municipal solicitante	1. Denominación do proxecto (servizos / obras)	Traballadores/as	Total traball.	Duración (meses)	Custos salariais (Subvención solicitada)
I.M.D	1. Eliminación de barreiras e mellora da mobilidade en instalacións deportivas	3 oficiais albanelaría 1 oficial fontanaría 2 oficiais mantemento 6 peóns mantemento	12	9	116.754,00
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	2. Melloras de contornos urbanos	1 enxeñeir. técnico agrícola 6 oficiais albanelaría 5 oficiais xardinaxe 3 oficiais condución 1 oficial ferrería 1 oficial fontanaría 12 peóns albanelaría 15 peóns xardinaxe	44	9	418744,27
DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	3. Embarcacións do mar de Vigo	1 expert. docente en actividades náuticas 1 expert. docente en carpintaría de ribeira 1 administrativ. 12 peóns-axudantes	15	6	108.161,31
VÍAS E OBRAS	4. Obras de acondicionamento urbano	2 aux.administrativ. 10 oficiais albanelaría 4 oficiais cantería 3 oficiais carpintaría 12 oficiais condución 3 oficiais condución motoniveladora 3 oficiais ferrería 3 oficiais fontanería 8 oficiais pavimento 3 oficiais pintura 35 peóns construción	86	6	556.569,84
VOLUNTARIADO	5. Fomento do voluntariado	1 licenciad. psicología 1 diplomad. traballo social	2	12	32.830,76
MULLER	6. Educar en igualdade	2 licenciadas en pedagogía	2	12	35.886,39
INFORMÁTICA	7. Elaboración de normas de seguridade	2 enxeñeir. de organización industrial	2	12	35.886,39
	8. Desenvolvemento de ferramentas web	1 enxeñeir. industrial 2 técnic. superiores aplicacións informáticas	3	12	43.256,62
PERSOAL	9. Apoio na organización da xestión do servizo de Recursos	4 aux. administrativos	4	9	36.162,06

	<i>humanos</i>				
TURISMO	10. <i>Análise estatístico</i>	2 diplomad. en empresas e actividades turísticas	2	4	9.925,00
	11. <i>Itinerarios turísticos polo centro de Vigo</i>	3 diplomad. en empresas e actividades turísticas	3	4	14.887,56
TOTAL	11 MEMORIAS		175		1.409.064,20

9(414).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A VIUCONSA (VIVIENDAS UNIFAMILIARES Y CONSTRUCCIONES S.A.) POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA IRMANDIÑOS. EXPTE. 73145/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 8.03.07, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 8 de xullo de 2005 por VIUCONSA (VIVIENDAS UNIFAMILIARES Y CONSTRUCCIONES, S.A), con NIF A-36660421 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa IRMANDIÑOS, 8-10-12, por non producirse danos.

10(415).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO PARA O ANO 2007 . EXPTE. 3165/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 19.02.07, e de acordo co informe-proposta asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, a xefa do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, a técnica do Servizo de Muller, a delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, o concelleiro de Asuntos Sociais e a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, e co intervido e conforme do interventor xeral a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prorrogar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de AA.VV. “Eduardo Chao” dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2007 .

2º.- Aprobar o seguinte programa de actividades presentado pola Federación:

CONVENIO ÚNICO FAVEC-CONCELLO DE VIGO 2007		
ÁREAS	CONCEPTO	CANTIDADE SOLICITADA
00.ORGANIZACIÓN	GASTOS XERAIS	25.091,00 €
	4. PERSOAL Técnico de Xestión e Auxiliar Administrativo	
	5. CONTABILIDADE (Técnico de Contabilidade)	
	6. CONSUMIBLES	
	● ASCENSORES	

	<ul style="list-style-type: none"> ● SUBMINISTROS ● LIMPEZA 	
01.PROMOCIÓN	SERVIZO DE ASESORÍA VECIÑAL E ASOCIATIVA	
	<ul style="list-style-type: none"> ● ASESORÍA XURÍDICA ● ASESORÍA CONTABLE – FISCAL ● ASESORÍA TÉCNICA DE FINANCIACIÓN ● APOIO CONTABLE ÁS ASOCIACIÓNS 	24.000,00 €
	FESTA VECIÑAL FORMACIÓN TÉCNICA XORNADAS	
02.CONVIVENCIA	MOVEVIGO	24.000,00 €
03 MULLER	PUNTO INFORMA E PROMOCIÓN DA MULLER	9.600,00 €
04.SOCIAL	FORMACIÓN	3.000,00 €
05.INFRAESTRUTURAS	PLAN DE ACCIÓN	2.000,00 €
	TOTAL.....	87.691,00 €

3º.- Autorizar un gasto por importe total de 87,691,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo ás partidas orzamentarias e importes que se sinalan:

4631 4890002	54.091,00 €
4632 4890005	9.600,00 €
4512 4890000	24.000,00 €

11(416).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do Servizo de Contratación a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a ACTOZERO S.L. a fianza por importe de 1.399,80 € constituída para responder do deseño e produción de carrozas para a Cabalgata de Reis 07, xa que forón executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.Expte.1676/241.

b) Devolver a MOVEXVIAL S.L. a fianza por importe de 6.658,67 € constituída para responder das obras de humanización da rúa Eduardo Iglesias xa que foron recibidas mediante acta de 22.01.04 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.Expte. 1697/241.

c) Devolver a CONSTRUCCIONES CRESPO S.A. as seguintes fianzas:

- Fianzas por importes de 14.988,40 € e 12.436,30 € constituídas para responder das obras de humanización do contorno de Príncipe e modificado nº 1, xa que foron recibidas mediante acta de 19.11.03 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1578/241.

- Fianzas por importes de 6.774,8 € e 10.469,60 € constituídas para responder das obras de pavimentación e viais, lotes A e D xa que foron recibidas mediante actas de 7 e 22 de xaneiro de

2004 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1579/241.

- Fianzas por importes de 34.495,70 € e 6.532,78 € constituída para responder das obras de humanización do Calvario e modificado nº 1 xa que foron recibidas mediante acta de 19.11.03 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1581/241.

12(417).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ROBERTO GRAÑA GARCÍA CONTRA ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 512/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 5.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Con data 22/12/2006, D. Roberto Graña García interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de 16/10/2006, polo que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos ocasionados ó seu vehículo matrícula A-1867-EF, accidentado o 25/02/2004 na Subida ó Monte da Serra. O dito acordo foi notificado ó reclamante o día 11/11/2006.

De conformidade co establecido no artigo 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e tal como se lle indicaba na notificación do acordo, o prazo para a interposición do recurso de reposición é de un mes, polo que se debe considerar o recurso interposto fóra de prazo, o que fai innecesario entrar en outro tipo de consideracións.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Roberto Graña García o día 22/12/2006, contra Acordo da Xunta de Goberno local de 16/10/2006, por tratarse dun recurso extemporáneo, ó ser presentado fóra do prazo previsto no artigo 117 da Lei 30/1992”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(418).- RECLAMACIÓN DE D. JESÚS GABARRE BORJA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 534/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Jesús Gabarre Borja presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de marzo de 2005, no que expón que o día 26 de maio de 2004, camiñando pola rúa Martínez Garrido, á altura do número 108, tivo unha caída, ocasionándose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 28/09/2005.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 13.172,90 euros.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, con data 05/12/2005, que non formula alegacións.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 22/02/2007, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así, D. Jesús Gabarre Borja presenta reclamación polos danos sufridos por unha caída en vía pública que tivo lugar o 26/05/2004, achegando partes de ingreso hospitalario na data así como outra documentación médica que acredita un dano avalíbel economicamente.

Das actuacións seguidas no expediente, dedúcese que non está suficientemente xustificado o nexo causal entre a caída que relata e o funcionamento dun servizo da Administración, por canto:

- Se ben nun primeiro escrito de 11/03/2005 refírese o solicitante a unha caída na rúa Martínez Garrido, á altura do número 108, en escrito posterior de 06/04/2005 refírese a que a caída tivo lugar no paso peonil alí existente.
- Nun segundo escrito presentado fai referencia ó mal estado da vía, pero non se concretan os supostos defectos dela, e requerido informe ó servizo de Vías e Obras ó efectod e data 28/09/2005, este emítese en relación á beirarrúa, e dado o tempo transcorrido descoñécense defectos aínda que na beirarrúa obsérvase unha reposición recente de baldosas.
- Hai informe da Policía Local conforme non teñen constancia dos feitos, e a proba testifical proposta non se puido levar a efecto pola falta de identificación da testemuña dos feitos.

Non acreditado polo tanto nin a caída na data e lugar sinalados, nin que foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público, nin tampouco defectos ocultos na beirarrúa do lugar sinalado, procede indicar que en aplicación da doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/00, 160/06 e 294/06), foi a propia negligencia da vítima a que, co seu defectuoso deambular, causou tal accidente, sen que corresponda ninguha responsabilidade a esta Administración.

Terceiro.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión e recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, calificando o suceso como un accidente común.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Jesús Gabarre Borja por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(419).- RECUPERACIÓN DE OFICIO DE TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITO NO Bº PICOTO EN CIDADELLE-CHAPELA. EXPTE. 17428/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 23.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, o concelleiro delegado de Patrimonio e polo titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).

- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de marzo de 2006, rectificando por outro posterior de 29 de maio de 2006, incoouse expediente de recuperación de oficio da posesión municipal do terreo polo que discorre a traza do canal do Oitaven, a altura do nº 27 do Bº Picoto en Cidadelle-Chapela, termino municipal de Redondela, pola súa ocupación por D. Carlos Rosendo Alvarez, mediante a realización dunha rampa de acceso a súa propiedade.

SEGUNDO.-Notificado o interesado o acordo incoatorio do expediente de recuperación posesoria en data 1 de agosto de 2006, formula alegacións ao expediente en data 10 de agosto de 2006 manifestando que as obras de reparación foron concluídas fai un ano, e que en ningún momento se pretendeu ocupar maior superficie do terreo demanial, e mostra delo e que no momento da construción do muro de peche no ano 1988, no que se sitúa a rampa, cederonse aproximadamente 1.5 metros de fondo e 100 metros de longura á empresa municipal de augas de Vigo para mellor acceso ás conducións de auga.

TERCEIRO.- A empresa AQUALIA, concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, informa o 23.10.2006 as alegacións formuladas polo interesado, sinalando que a rampa invade a traza do canal así como que a súa construción fíxose enriba da condución que transporta a auga a Vigo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo é titular dos terreos demaniais polos que discorre a traza da traida de auga no tramo que atravesa o término municipal de Redondela, afecto ao servizo público de abastecemento e saneamento de auga á cidade de Vigo, que en réxime concesional presta e xestiona a UTE AQUALIA SA – FCC SA.

SEGUNDO.- Que segundo resulta dos informes obrantes no expediente, sobre a mesma existe unha ocupación mediante a construción dunha rampa de acceso á propiedade de D. Carlos Rosendo Alvarez, a altura do nº 27 do Bº Picoto en Cidadelle-Chapela.

Non tendose constancia de que se outorgara autorización administrativa para a ocupación privativa da propiedade municipal, como en todo caso resulta preceptivo e obrigado consonte á normativa vixente, que poidera lexitimar, no seu caso, as actuacións levadas a cabo, débese considerar que os feitos constatados, resultan constitutivos dunha usurpación ou ilícita posesión do patrimonio municipal que motiva o exercicio das accións de recuperación posesoria e defensa do patrimonio que a normativa vixente lle reconece ás Entidades Locais.

TERCEIRO.- Que consonte o disposto no artigo 4 e 5 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, art. 28 da LPAAPP, art. 270 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 9 do R.D. 1372/86 de Bens das Entidades Locais, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.

CUARTO.- Que así mesmo, recoñecenselle ás Entidades Locais a facultade de recuperación de oficio da posesión dos seus bens, tanto os de natureza patrimonial como os demaniais (art. 41 e 55 LPAAPP, art. 283 da LALG, artigo 82 da LRBRL, e artigo 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).

O exercicio da acción recuperatoria dos bens demaniais non está suxeito á límite temporal poidendo ser exercitada en calquera momento, estabelecéndose pola contra o prazo dun ano cando o ben obxecto da acción sexa de natureza patrimonial.

QUINTO.- Resultando do expediente tramitado a ilícita ocupación da propiedade municipal, procede consecuentemente que polo organo competente se adopte o acordo de recuperación de oficio, requeríndoselle ao interesado para que proceda ao seu desaloxo demolendo a rampa de acceso construída sobre a traza da traída de auga, con apercebemento, noutro caso, da utilización dos medios compulsorios legalmente admitidos (art. 71 RBEL), e en concreto da execución forzosa prevista e regulada no capítulo V título VI da LRXAP e PAC. Execución que, tendo en conta que recae sobre terreos fora do termo xurisdiccional deste Concello, deberán levarse a cabo en base aos principios de colaboración e auxilio mutuo na defensa e protección do patrimonio público, pola entidade territorial onde radican os mesmos (Concello de Redondela) mediante exhorto que ao efecto faga esta Administración á dita Entidade Local, de acordo co disposto no art. 284.1 da LALG

SEXTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica, a adopción do acordo do exercicio da acción de recuperación de oficio da propiedade municipal na defensa dos seus bens demaniais, de conformidade co disposto no art 127.1.j LRBRL, art 54.3 TRRL, e art. 9 RBEL).

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“1º.-Recuperar de oficio a posesión municipal do terreo polo que discorre a traza do Canal do Oitaven, a altura do nº 27 no Bº Picoto en Cidadelle-Chapela, término municipal de Redondela, ante a súa ocupación ilícita, por D. Carlos Rosendo Alvarez, mediante a realización dunha rampa de acceso a súa propiedade.

2º.- Concederlle a D. Carlos Rosendo Alvarez, o prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, para que proceda á demolición da rampa deixando baleira a propiedade municipal de toda construción.

3º.-Apercibirille que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase á execución forzosa do ordeado, consonte o previsto na LRXAP e PAC, correndo do seu cargo os gastos que se orixinen

4º.- Comunicar o presente acordo ao Exmo. Concello de Redondela, interesando o cumprimento do acordado, mediante a súa execución forzosa en vía administrativa, de non atender o interesado, no prazo outorgado, a demolición requirida.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(420).- ALLEAMENTO DE 66 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL PARA CHATARRA. EXPTE. 1711/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 8.03.07, conformado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 66 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta no expediente), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

16(421).- ALLEAMENTO DE 49 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL PARA CHATARRA. EXPTE. 1560/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 1.03.07, conformado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 49 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- O prezo mínimo será de 2.500 euros, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

17(422).- SOLICITUDE DE D. JUAN F. RIVAS ALONSO DE AUTORIZACIÓN PARA PECHE TEMPORAL DO QUIOSCO NA PRAZA DE SANTA RITA S/N. EXPTE. 18026/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 28.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Visto o escrito de D. Juan F. Rivas Alonso, de data 26.2.2007 (doc. N° 700224776) no que tras expoñer que é titular da concesión de uso de dominio público municipal para a instalación dun quiosco na Praza de Santa Rita s/n de Vigo, e que debido ao tratamento médico necesario para unha enfermidade precisa de suspender a súa actividade laboral, segundo informe clínico que achega, solicitando autorización para o peche do quiosco, conséntase que resulta acreditada a causa xustificada que o prego de condicións para a concesión de quioscos na vía pública establece na súa cláusula XV-5- (aprobado polo Pleno do Concello o 29.4.1982).

A competencia da Xunta de Goberno Local ven atribuída polo art. 127 1.f) la Lei 7/1985, de 2 de abril, LBRL, na redacción dada por lei 57/2003, de 16.12, de medidas para a modernización do goberno local.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Autorizar a D. Juan F.Rivas Alonso o peche temporal do quiosco sito na praza Santa Rita s/n por un prazo de 6 meses, a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo.

2º.- Significar que, transcorrido o prazo sinalado, deberase reanudar a actividade, ou no seu caso presentar nova solicitude coa suficiente antelación co obxecto da valoración das circunstancias que poidan concorrer.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(423).- RECURSO DE REPOSICIÓN DA UTE ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DE ADECUACIÓN DAS TARIFAS VIXENTES NOS SERVIZOS DE APARCADOIROS EN RÉXIME DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA. EXPTE. 18043/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.03.07, que di o seguinte:

De conformidade co sinalado no informe emitido pola Asesoría Xurídica, en relación co recurso de reposición interposto pola UTE Eloymar y Tranvías Electricos de Vigo, S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de xaneiro de 2007, de adecuación das tarifas vixentes nos servizos de aparcadoiro en réxime de concesión administrativa, emítese a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente o recurso presentado e, en consecuencia, aprobar inicialmente as tarifas máximas que a data 31 de agosto os concesionarios que se citan percibirán dos usuarios nos aparcadoiros municipais en réxime de concesión administrativa, resultantes de dividir por 60 o importe da totalidade dos centimos que por hora se perciben na actualidade:

INTERPARKING ESPAÑA, S.A.

Aparcadoiro Porta do sol: 2,58- cts/min.

Aparcadoiro Praza de Portugal: 2,00- cts. min.

CONICASE S.L.

Aparcadoiro da rúa Venezuela: 1,80 cts./min.

Aparcadoiro rúa Coruña: 1,80 cts/ min.

Aparcadoiro Prz. Fernando el Católico: 1,80 cts/min.

ELOYMAR Y TRANSVIAS ELECTRICOS DE VIGO, S.A.

Aparcadoiro Prza. da Independencia: 2,00- cts/min.

Aparcadoiro rúa Urzaiz: 2,16 cts/min.

MASAVEU S.A.

Aparcadoiro Prza. do Rei: 1,66 cts/min.

APARCADOIRO JENARO DE LA FUENTE, S.A.

Aparcadoiro rúa Jenaro de la Fuente: 1,90 cts/min.

ISMAEL Y VICENTE, S.A.

Aparcadoiro Praza de América: 1,25 cts/min.

VIALMAR S.A.

Aparcadoiro rúa Camelias- Lopez Mora: 1,25 cts/min.

PRAZADOURO S.L.

Aparcadoiro Praza Eliptica: 0,66 cts/min.

Segundo.- As tarifas citadas poderán incrementarse cos importes resultantes das actualizacións que no seu caso procedan en cada contrato ou co cociente resultante de dividir pola mesma cantidade citada (60 cts) as tarifas máximas que en cada contrato se atopan aprobadas.

Terceiro.- Dado que o importe das tarifas establecece en centimos de euro os concesionarios instalarán nos caixeiros automáticos existentes os mecanismos necesarios para admitir e/ou devolver moedas de 1 e 2 centimos de euro. No suposto de que á data de 31 de agosto non estiveran adecuados os caixeiros as previsións citadas o pago realizarase en fraccións de 5 centimos, mediante reducións á baixa ó obxecto de evitar o abono de unidades de tempo non consumidas.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás distintas entidades concesionarias outorgándolles un prazo de audiencia de 15 días ó obxecto de que manifesten o que coiden conveniente en defensa dos seus deritos.

Non obstante a Xunta de Goberno con superior criterio resolverá.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(424).- DESIGNACIÓN DO PRESIDENTE DO TRIBUNAL PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DUN/DUNHA AUX. LABORATORIO E DESIGNACIÓN DE SECRETARIO DO TRIBUNAL PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA COORDINADOR/A DE TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA. EXPTE. 17155/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da xefa da Unidade Persoal, do 13.03.07, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 22 de xaneiro adoptou acordo aprobando as bases para a contratación en prácticas dun/dunha auxiliar de laboratorio que foron publicadas no BOP de data 19 de febreiro de 2007.

Na base VI.- tribunal, entre outros membros do mesmo, consta que o presidente será designado pola Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue.

Así mesmo, con data 13 de marzo actual, insértase no BOP anuncio contendo as bases rectoras do proceso selectivo para a provisión con carácter interino dun posto de traballo de “coordinador de turismo, comercio e industria”, especificando tamén na base IV.- tribunal cualificador, que o Secretario será un funcionario/a integrado/a no grupo A de titulación, escala administración xeral, designado polo órgano convocante, con voz e sen voto.

Polo exposto, propón á Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro: Nomear, de entre os seus membros ou entre o persoal ó servizo da administración, o presidente titular e suplente do tribunal de selección dun/dunha auxiliar de laboratorio en prácticas.

Segundo: Designar un/unha funcionario/a integrado/a no grupo A de titulación, escala administración xeral, con voz e sen voto, como Secretario do tribunal cualificador para provistar con carácter interino, unha praza de “coordinador de turismo, comercio e industria”, xunto co seu respectivo suplente.

Terceiro: O presidente e secretario sinalados deberán posuir titulación igual ou superior á requirida para o acceso ás prazas, ou estar integrados/as no grupo de titulación a que correspondan as mesmas.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Nomear como presidente titular do tribunal de selección dun/dunha auxiliar de laboratorio en prácticas á concelleira D^a. Soledad Polo Lima e como suplente a D. José Manuel Couto Pérez

2º.- Designar como Secretario do tribunal cualificador para provistar con carácter interino, unha praza de “coordinador de turismo, comercio e industria” ó titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e como suplente á xefa de Persoal, D^a. María Dapena Gomez.

20(425).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DE DOUS TÉCNICOS AUXILIARES DE BIBLIOTECA. EXPTE. 16768/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.03.07, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 6.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo primeiro tenente de Alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 20 de novembro de 2006, adoptou acordo para a contratación por acumulación de tarefas de dous Técnicos Auxiliares de Biblioteca.

Constituída a comisión de valoración para xulgar-lo proceso selectivo de dita contratación e segundo se desprende da acta de data 22 de decembro de 2006, pola que se propón a esta Alcaldía-Presidencia a contratación laboral por acumulación de tarefas e polo período de tres meses, as dúas aspirantes que aprobaron o exercicio e obtiveron a máxima puntuación, foron D^a MARIA PILAR VILABOY FREIRE e D^a MARIA JESÚS CUESTA DE PEDRO.

Con data 26 de decembro de 2006 e ata o 25 de marzo de 2007 procedeuse á contratación de D^a MARIA PILAR VILABOY FREIRE e D^a MARIA JESÚS CUESTA DE PEDRO, como Técnicos Auxiliares de Biblioteca, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, e RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o citado artigo 15 ET en materia de contratos de duración determinada.

Tendo en conta o escrito de data 2 de marzo de 2007, asinado pola Xefa Técnico Superior de Bibliotecas no que se pon de manifesto a continuidade das circunstancias que se deron para a contratación inicial, solicitando por parte da mesma a prórroga dos devanditos contratos, parece oportuna a tramitación do presente expediente.

Dado que o contrato eventual por circunstancias da produción ou acumulación de tarefas permite unha duración máxima de seis meses dentro do período de un ano –con carácter improrrogable—e sempre que exista consignación presupostaria suficiente para facer fronte ao gasto que se propón, non se observan impedimentos para a autorización das prorrogas solicitadas, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido polo Real-Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006, vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo de 2006.

Vistas as competencias en materia de persoal que a Xunta de Goberno Local ostenta ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, elévase á súa consideración a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO.- Autoriza-la prórroga dos contratos subscritos en data 26 de decembro de 2006 cas Técnicos Auxiliares de Biblioteca D^a MARIA PILAR VILABOY FREIRE e D^a MARIA JESÚS CUESTA DE PEDRO, por un período de tres meses (dende o 26 de marzo de 2007 ata o 25 de xuño de 2007) e nos mesmos termos e condicións que figuran no contrato por elas asinados, cun custe estimado de 12.579,05 €, imputables á partida 121.0.140.000.00- “Outras modalidades de contratación temporal”.

SEGUNDO.- A presente prórroga autorízase sen prexuízo do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006) en canto á prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(426).- ASIGNACIÓN DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR DIFERENCIA DE FUNCIÓN Á FUNCIONARIA D^a ANA M^a SOTO SOBRADO. EXPTE. 17137/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.03.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.02.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 18 de abril de 2005 encomendouse á funcionaria D^a Ana Maria Soto Sobrado -con praza de administrativa de admón. Xeral e nº de rexistro de persoal 11475, adscrita o Servizo de información- a realización das tarefas propias da xefatura de negociado de información ata a incorporación da titular do mesmo.

Con data 15 de xaneiro de 2007, o xefe de Atención e Participación Cidadá remite escrito á Unidade de Persoal, solicitando o aboamento das diferenzas retributivas correspondentes á encomenda de funcións realizada a funcionaria D^a Ana Maria Soto Sobrado, correspondente o período comprendido entre o 1 de xullo o 31 de decembro de 2006.

Fundamentos de dereito :

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de productividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de productividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005 (Bop de 7 de xuño de 2005) serán aboadas con cargo o complemento de produtividade, entre outros supostos, o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e específico entre os dous postos.

As retribucións aprobadas para os postos de xefa de negociado de información e administrativo de administración xeral son:

	CD	CE	CD ANO	CE ANO	TOTAL
Xefatura de negociado	20	39	6087,48	8210,16	14297,64
Administrativo	18	56	5465,6	6053,18	11518,78

En consecuencia a diferenza bruta anual existente entre as retribucións complementarias dos dous postos e de 2778,86 €

De conformidade coas instrucións de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periódico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, descontándose polo tanto as baixas laborais e vacacións.

Consultados os datos obrantes na Unidade de persoal, no período comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2007, a funcionaria estivo en situación de baixa laboral dende o 22 de setembro ó 23 de outubro e disfrutou de vacacións do 1 de xullo ó 7 de agosto de 2006 e asuntos propios os días 17 de agosto e do 26 ao 29 de decembro de 2007

Consecuentemente o importe da produtividade realizarase sobre un total de 109 días. Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 721,18€.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non pudiendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Recoñecer á administrativa de admón.Xeral, D^a Ana Maria Soto Sobrado,un complemento de produtividade por importe de 721,18 € , importe calculado en función das diferenzas retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de información e as establecidas para un posto de administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de xullo e o 31 de decembro de 2006, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.”

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(427).- SOLICITUDE DE AQUALIA-FCC VIGO UTE PARA UTILIZACIÓN DA VÍA DE CONSTRINXIMENTO NA RECADACIÓN DE RECIBOS DE AUGA IMPAGADOS DOS EXERCICIOS 2002-2003. EXPTE. 451/500.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, conformado polo concelleiro delegado de xestión municipal, que di o seguinte:

Pola empresa concesionaria do Servicio municipal de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, Aqualia-FCC Vigo UTE, remítase a esta Tesourería expediente 451-500 (doc n.º. 70000498) de data 03/01/2007 relativo a liquidacións de taxas por subministración de auga e saneamento correspondentes ós exercicios 2002 e 2003 aprobadas de conformidade co disposto na Ordenanza fiscal reguladora correspondente, que, sendo notificadas regulamentariamente, non foron ingresadas no período voluntario, polo que interesa da Tesourería municipal o inicio dos correspondentes procedementos administrativos de constrinximento.

As liquidacións ás que se refire o presente expediente, cuxo importe total ascende a 203.393,06€, segundo relación que comeza por GONZALEZ GARCIA CÁNDIDO, e remata en PEREZ GOMEZ, AURORA, foron aprobadas mensualmente polos correspondentes decretos de Alcaldía, segundo a documentación que consta incorporada no expediente.

Xunto co expediente achégase informe da Dirección de Ingresos do Concello de Vigo no que se indica que as citadas liquidacións foron notificadas conforme ó disposto na vixente Lei xeral tributaria.

Con data 20 de decembro de 2006, o Director de administración e finanzas de Aqualia-FCC Vigo UTE emite, en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o outorgamento da concesión, certificación na que se fai constar que unha vez rematado o período voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.

INFORME:

PRIMEIRO.- As cláusulas 67 e seguintes do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión, adxudicada mediante acordo do Pleno Municipal, en sesión celebrada o 25 de outubro de 1990, dispoñen:

67ª *“Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrable, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento”.*

68ª *"O Concello de Vigo, a instancias do concesionario facultará a utilización da vía de constrinximento para percibir as prestacións económicas dos usuarios, derivadas da concesión, tanto para o cobro dos recibos por abastecemento de auga e/ou saneamento, como para o cobro das restantes cantidades que teñan natureza de taxa ou prezo público".*

69ª *"1. Para exercitar a vía de constrinximento, o concesionario expedirá certificación de descuberto, cuxa legalidade será comprobada pola Intervención do Concello de Vigo, a resultas de cuxa comprobación poderá expedirse providencia de constrinximento.*

O procedemento de constrinximento constará dun solo grado, que implicará a recarga legalmente establecida en cada momento.

2. A substantivación do procedemento executivo estará a cargo dos axentes municipais encargados de tales cometidos. Non obstante, en calquera momento da vida do contrato, o concesionario poderá optar pola posibilidade de propoñer axentes executivos particulares, reservándose o Concello a facultade de aceptar a antedita proposición e, en consecuencia, modificar tal aspecto da concesión".

SEGUNDO.- Polo que respecta ó réxime xurídico vixente na actualidade, cabe sinalar en primeiro lugar que o artigo 8º do vixente Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, atribúe ás Entidades Locais a recadación das débedas cuxa xestión teña atribuída, que poderá levarse a cabo, de acordo co disposto no citado precepto, ben directamente polas propias entidades, ben a través de outros entes territoriais a cuxo ámbito pertencen, ou finalmente pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, cando así se acorde mediante a subscripción dun convenio para a recadación.

Esta previsión atopa o seu acomodo no art. 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, en diante), que dispón que é competencia das Entidades Locais a recadación dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a prol das Entidades locais de ámbito superior ou das respectivas Comunidades Autónomas, e das fórmulas de colaboración con outras Entidades Locais, coas Comunidades Autónomas ou co Estado, de acordo co que establece a lexislación do Estado.

En efecto, a LBRL prevé unha regulación da recadación oposta á que contiña a anterior Lei de Réxime Local de 1955 que, no seu art. 731 autorizaba tanto a xestión directa como o arrendo, a concesión ou a xestión afianzada, pois o art. 85.3 da vixente Lei de Bases dispón que “En ningún caso poderán prestarse por xestión indirecta ni mediante sociedade mercantil de capital social exclusivamente local os servizos públicos que impliquen exercicio de autoridade”, precisando ademais o art. 92.2 do citado texto legal que “Son funcións públicas cuxo cumprimento queda reservado exclusivamente a persoal suxeito ó estatuto funcional as que impliquen exercicio de autoridade, as de fe pública e asesoramento legal preceptivo, as de control e fiscalización interna da xestión económico-financieira e orzamentaria, as de contabilidade e tesourería, e, en xeral, aquelas que, en desenrolo da presente Lei, se reserven ós funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función”.

Este réxime normativo, que non se viu afectado pola entrada en vigor da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, excluíu xa de maneira definitiva o sistema de xestión indirecta, en calquera das súas modalidades, para o servizo de recadación.

En consecuencia, a xestión recadadora municipal en período executivo, durante a cal a recadación das débedas se realiza coactivamente, polo procedemento administrativo de apremio sobre o patrimonio do obrigado ó pago, implica claramente exercicio de autoridade, polo que ha de xestionarse directamente pola propia Corporación baixo calquera das modalidades previstas na vixente lexislación de réxime local, polo que queda excluída a posibilidade, prevista no prego de cláusulas económico-administrativas, de que a recadación executiva dos ingresos xestionados polas empresas concesionarias sexa realizada por persoal que non ostente a condición de funcionario do Concello de Vigo debendo, en consecuencia, levarse a cabo as actuacións integrantes do citado procedemento polo propio Concello, cos medios humanos e materiais adscritos ó servizo municipal de recadación, o que constitúe a razón de ser da petición formulada polo Director de administración e finanzas de Aqualia-FCC Vigo UTE.

TERCEIRO.- O artigo 167 da Lei xeral tributaria, dispón que o procedemento de constrinximento iniciárase mediante providencia notificada ó obrigado tributario, que será título suficiente para iniciar o citado procedemento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios, sendo competente para dictar a providencia de constrinximento nas Entidades Locais o tesoureiro municipal de acordo co disposto no artigo 5.3.c) do Real Decreto 1.174/87, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

CUARTO.- De conformidade co disposto na Base 41ª de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, non é precisa a fiscalización previa do presente expediente pola Intervención do Concello de Vigo.

QUINTO.- O artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal nº 60, Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, dispón que a Comisión de Goberno tomará acordo previo á apertura de expedientes de cobranza por vía de constrinximento, no caso en que fose procedente.

PROPOSTA:

Trala petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, Aqualia-FCC Vigo UTE, tendo en conta que a recadación executiva dos ingresos de Dereito Público debe xestionarse directamente pola propia Corporación por tratarse de actuacións coactivas que comportan exercicio de autoridade e reservadas, polo tanto, ós funcionarios públicos; de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

ACCEDER Ó SOLICITADO pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, Aqualia-FCC Vigo UTE, dando traslado do presente expediente á Tesourería Municipal do Concello de Vigo, co obxecto de que, con arranxo ó disposto na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á citada entidade concesionaria en concepto de liquidacións de taxas por subministración de auga e saneamento correspondentes ós exercicios 2002 e 2003 e cuxo importe total ascende a 203.393,06€, segundo a relación certificada de descuberto con data 20 de decembro de 2006 que consta incorporada ó expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE AUSÉNTASE O CONCELLEIRO SR. COMESAÑA ABALDE.

23(428).- MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL BARUXÁNS. DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE REANUDACIÓN DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE. EXPTE. 9642/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 2.03.07, conformado polo director da Área de Planeamento e Xestión e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

O 20 de febreiro de 2007 recibíuse un escrito presentado por CONSULTING INMOBILIARIO INMOVIVIENDA S.L. no que se solicita a reanudación da tramitación do expediente 9642/411 de modificación puntual do Plan Parcial de Baruxáns, nos termos expostos na petición inicial de 2 de xuño de 2005.

ANTECEDENTES.-

1. O Plan Parcial de Baruxans (expediente 5823/411) foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concelo de Vigo o 2/09/2002.

2. Desde a aprobación definitiva do Plan Parcial tramitáronse os seguintes expedientes de xestión urbanística:

a) Polígono 1:

-Constitución da Xunta de Compensación (4530/401): Resolución da Xunta de Goberno Local do 20/12/2004

-Expediente 178/413 de expropiación por taxación conxunta dos propietarios non adheridos : Expediente notificado á XC para subsanación de deficiencias.

-Proxecto de Urbanización (Expediente 4591-41) : Notificado para subsanación de deficiencias.

b) Polígono 2:

-Bases e Estatutos da Xunta de Compensación (4564/401) : Aprobación inicial en Xunta de Goberno Local o 4/03/2005, en fase de información pública.

3. O 2/06/2005 , CONSULTING INMOBILIARIO INMOVIVIENDA S.L. (propietario maioritario no polígono nº 2) solicitou a modificación puntual do Plan Parcial de Baruxáns, segundo unha documentación técnica redactada polos arquitectos D. Enrique Urdiales de Santiago e D. Enrique Marín Irazola, con visado do COAG do 20/05/2005.

4. No 20/06/2005 o arquitecto e o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitiron un informe sobre a devandita solicitude, no que se formularon diversas obxeccións. Déuselle traslado dunha copia dese informe á interesada, que procedeu a respondelo mediante un escrito presentado no día 20/07/2005. Nél solicitou, á vista do devandito informe municipal, que a nova ordenación proposta, en lugar de aprobarse como modificación

puntual do Plan Parcial, se incorporase ó novo Plan Xeral en tramitación, previa formulación dun convenio urbanístico se fose necesario.

5. Mediante oficio do 22/08/2005 o Xerente de Urbanismo remitiúlle un exemplar da proposta de modificación ó equipo redactor do novo Plan Xeral para que a tivesen en consideración nél.

6. O Pleno do Concello do día 4 de novembro de 2005, acordou Ter por desistido á entidade mercantil "Consulting Inmobiliario Inmovivienda, S.L." na súa solicitude do 02/06/2005 de modificación do Plan Parcial "03-23-Baruxáns B". Declarar concluso este procedemento e proceder ó seu arquivo.

Segundo.- Notifíquese o texto íntegro deste acordo ó equipo redactor do novo Plan Xeral en tramitación,

Se presenta o 20 de febreiro de 2007 por "CONSULTING INMOBILIARIO INMOVIVIENDA S.L.", asinado con sinatura ilexible, sen a acreditación de representación e sen aportar ningunha documentación técnica correxida, solicita a reanudación do expediente tendo en conta, segundo o solicitante, que "el 15/02/2007 finalizó el plazo de 2 años desde la aprobación inicial del PGOM en tramitación, recobrando plena vigencia el PGOU de 1993".

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

1º O acordo plenario de data 4/11/2005 declarou concluso o procedemento e ordeu proceder á declaración de concluso e o arquivo do expediente.

2º O mesmo acordo plenario municipal de 4/11/2005, no seu punto 2º, ordeu a notificación ao equipo redactor do novo Plan Xeral para que tivera en consideración nela a nova ordenación proposta pola referida entidade mercantil. Unha vez notificado o equipo redactor, en data 11/11/2005, procedeuse por parte deste, á vista da proposta enviada, á modificación da ficha do sector de planeamento incorporado de Baruxáns SPI-02 da aprobación inicial, creando a ficha do S-73-IT, que aínda que incorpora a ordenación do Plan parcial aprobado definitivamente o 2/09/2002 permitiría a súa modificación en intensidades de uso e edificación segundo os novos parámetros da ficha. Nese senso pode entenderse que o Concello xa se pronunciou verbo da Modificación solicitada por "Consulting Inmobiliario Inmovivienda S.L." no acordo de plenario de 16/05/2007 de aprobación provisional da revisión do PXOM.

3º O Plan Parcial de Baruxáns (expediente 5823/411) foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o 2/09/2002, para o desenvolvemento dunha superficie de 120.571 m² de Solo Urbanizable non Programado, categoría de solo hoxe desaparecida na lexislación urbanística vixente.

Este Plan foi aprobado definitivamente ó amparo da Disposición Transitoria 2ª 3) da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia, que consideraba esta clase de solo como solo rústico común (asimilable ó Solo urbanizable da lexislación estatal), e susceptible de ser incorporado ó proceso de desenvolvemento urbanístico mediante a aprobación do correspondente Plan Parcial, que debía conter as determinacións ata entón propias dos Programas de Actuación Urbanísticas, hoxe coñecidas como determinacións de ordenación básica propias do plan xeral para o solo urbanizable.

Coa actual lei 9/2002 de ordenación urbanística e de protección do medio rural, modificada pola lei 15/2004 (LOUGA), e tendo en conta a non adaptación do PXOU de 1993 nin á lei de 1997 nin á vixente, o solo urbanizable non programado podería considerarse asimilable ao solo urbanizable non delimitado a desenvolver por un Plan de Sectorización, plan que, segundo o artigo 66, tamén deberán conter as determinacións básicas de ordenación propias do plan xeral, sinaladas no artigo 57.

A disposición Transitoria 1ª.c) da LOUGA obriga a que "(...) os sectores con plan parcial aprobado definitivamente deberán ser executados conforme a ordenación e nos prazos establecidos no propio plan parcial e, como máximo, no prazo de tres anos contados a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Transcorrido este prazo sen que fose aprobado definitivamente o instrumento de equidistribución, deberá revisarse integramente o plan para adaptalo ao disposto nesta lei (...)". Transcorrido dito prazo, o Plan Parcial de Baruxáns deberá adaptarse á LOUGA.

Por outra banda, a mesma disposición engade: "(...) No resto dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, nin a esta lei, aplicarase integramente a Lei 9/2002, coa particularidade de que aos sectores contiguos sen solución de continuidade co solo urbano se lles aplicarán os límites establecidos polo artigo 46.3, e aos demais sectores aplicaráselles os límites establecidos polo artigo 46.4, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento vixente. Asemade, nestes municipios, para a aprobación definitiva de plans parciais e das súas modificacións, cumprirá obter o informe favorable do director xeral competente en materia de urbanismo, nos termos establecidos polo artigo 86.1.d) (...)".

4º/ Finalmente, en canto á interpretación formulada no escrito agora presentado, de que transcorrido o prazo de 2 anos desde a aprobación inicial do PXOM en tramitación "(...) recobra plena vixencia o PXOU de 1993 (...) ", debe informarse de que malia que poida ser certo no referente á suspensión de licenzas (artigo 77.3 da LOUGA), non afecta ao disposto no artigo 94.2 da mesma Lei no referente a modificacións e revisión do planeamento. En concreto determina dito artigo que "(...) Non se poderán formular novas modificacións do planeamento urbanístico durante a tramitación dun Plan xeral de ordenación municipal ou da súa revisión ; é dicir, desde a súa aprobación inicial ata a súa aprobación definitiva, agás en execución de sentencias (...)".

A revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, con aprobación inicial do 30/12/2004 e aprobación provisional o 16/05/2006 continúa na súa tramitación, xa que aínda non se decidiu por parte do órgano competente nin a aprobación definitiva , nin a denegación da mesma.

O acordo plenario de 4.11.05 de adopción de acordo de desistimento, implica necesariamente o arquivo do expediente, ó abeiro do disposto nos artigos 90 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro. Efectivamente non se renuncia a iniciativa particular de tramitación de planeamento non obstante, como se informou con anterioridade non procede a tramitación de modificacións de planeamento mentras sega en tramitación o plan xeral.

Por todo elo, **SE PROPOÑE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

1.- Desestimar a solicitude de 20/02/2007 (Nº de documento 70022922) presentada por "CONSULTING INMOBILIARIO INMOVIVIENDA S.L." de reanudación da tramitación do expediente 9642/411 de modificación puntual do Plan Parcial de Baruxáns, nos termos expostos na súa petición inicial de 2 de xuño de 2005, dado que por acordo plenario de 4.11.05 se declarou concluso o expediente.

2.- Informar que ó abeiro do disposto no artigo 94.2 da Lei 9/02, de 30 de decembro, non procede formular novas propostas de modificación do planeamento ata a conclusión da tramitación do plan xeral.

3.- Notificar o presente acordo ós interesados, informando que contra o mesmo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo de un mes ante esta Administración ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

VOLVE A INCOPORARSE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. COMESAÑA ABALDE.

24(429).- ALLEAMENTO DE PARCELA SOBRANTE CORRESPONDENTE Ó CAMIÑO CANADELO ALTO- VÍA NORTE Nº 7. EXPTE. 4620/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 21.02.07, conformado polo xefe do Servizo de Patrimonio, que di o seguinte:

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 6 de novembro de 2003, en contestación á consulta previa fomulada o 30 de abril de 2003 pola mercantil "Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L." sobre unha proposta de sólido para o solar sito na Vía Norte, números 3 e 5, esquina a Canadelo Alto, acordou prestar conformidade ó informe emitido en relación coa dita consulta nos seguintes términos: "(...)1. Que non só a parcela obxecto da consulta senón, tamen, o Camiño de Canadelo Alto colindante, están clasificados e cualificados no vixente PXOU de Vigo como solo urbano --ó que procede atribuir a consideración de consolidado habida conta a concurrencia das condicións establecidas no artigo 12. a) LOUGA--, coa ordenanza de edificación 1.1.B de edificación pechada, nun fondo de 15,58 m dende o fronte da rúa Vía Norte. 2.- Que, polo que se refire ó Camiño de Canadelo Alto neste concreto tramo, o Plan Xeral contempla a subsistencia do dito paso baixo a edificación prevista o que obriga a distinguir entre o camiño e o seu uso público a nivel de solo, co gálibo necesario para elo, e o voo do camiño destinado polo Plan Xeral á edificación a partir do dito gálibo.3.- Que conforme ó artigo 8.4.a) do Regulamento de bens das entidades locais, a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais producirase automaticamente coa aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos. No presente caso, coa aprobación do vixente PXOU de Vigo que clasificou e cualificou o voo desta porción do camiño de Canadelo Alto como solo urbano coa ordenanza de aplicación 1.1.B, de edificación pechada, produciuse a alteración da cualificación xurídica do voo deste camiño municipal, pasando automaticamente o voo, neste concreto tramo do camiño, de ter a cualificación xurídica de ben de dominio público a tela de ben patrimonial. Dita desafectación ten de entenderse que inclue a da superficie do lateral do solo do camiño imprescindible para empraza-los pilares de apoio da estrutura da edificación a executar no voo. 4.- Que habida conta as dimensións da superficie do voo municipal construíble, que, como advirte o aparelador municipal, o fan inedificable por si so, e o caracter de solo urbano consolidado no que se empraza tanto a parcela municipal como a colindante, aínda non edificada, propiedade de "Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L.", procedería, de acordo cos artigos 72.1.b) do Regulamento de Xestión Urbanística e 122 da LOUGA, delimitar unha zona de normalización de fincas que comprenda a municipal --o voo susceptible de ser edificado unha vez normalizada a parcela-- e a de propiedade da devandita mercantil, para adaptar a configuración física das mesmas --previsiblemente, dadas as súas características, mediante a creación dunha única parcela de resultado-- ás esixencias do planeamento en vigor (...)"

A entidade mercantil "Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L.", con data 13 de febreiro de 2004, presentou na XMU a solicitude de delimitación de zona de normalización das dúas fincas, cunha superficie total de 351,50 m2, dos cales 72,5 m2 corresponden ó voo municipal construíble sobre o camiño de Canadelo Alto e o resto 279,00 m2 ó solar da solicitante, así como unha proposta de normalización da que resulta unha única parcela integrada por

estas dúas fincas. Achegaronse planos de situación e zonificación e deslinde das dúas parcelas e da resultante da proposta de normalización, así como xustificación do dominio da parcela privada.

O arquitecto técnico municipal, con data 24 de xuño de 2004, describía o aproveitamento do seguinte xeito: "(...) Voo sobre o camiño de 72,50 m2 (...) as parcelas están clasificadas como solo urbano coa ordenanza 1.1.B de edificación pechada e a municipal non reúne as dimensións mínimas de parcela esixidas polo plan xeral. Así mesmo considérase como solo urbano consolidado toda vez que o ámbito está practicamente urbanizado na súa totalidade (Rúas Vía Norte e o tramo de Canadelo Alto) polo que non sería preciso un proceso de execución integral (...)".

O 28 de xuño de 2004 a Xunta de Goberno Local, adoptou o seguinte acordo: "(...) Primeiro.- Aproba-la delimitación de zona de normalización de fincas na rúa Vía Norte, cunha superficie total de 351,50 m2, dos cales 72,50 m2 corresponden ó voo construíble municipal sobre o camiño Canadelo Alto e o resto, 279,00 m2, ó solar colindante de "Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L.", coa situación e lindeiros que se reflicten nos planos que acompañan ó expediente. Segundo.- Aproba-la recepción formal, como ben patrimonial municipal, do voo construíble sobre a rúa Canadelo Alto, desafectado automaticamente coa aprobación do vixente PXOU de Vigo ó clasificalo como solo urbano e cualificalo coa ordenanza de aplicación 1.1.B, de edificación pechada; voo que inclúe a superficie do lateral do solo do camiño imprescindible para empra-los pilares de apoio da estrutura da edificación a executar no voo. Terceiro.- Prestar conformidade á proposta de normalización formulada por "Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L.", da que resulta unha única parcela de 351,50 m2, integrada polo voo municipal construíble sobre a rúa Canadelo Alto, a partir da rasante da rúa Vía Norte, e a parcela de orixen, propiedade de "Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L." de 279 m2; finca única, á que corresponderán os números 3 e 5 da rúa vía Norte e que pertencerá en proindiviso á solicitante nun 81,10 % e o Concello de Vigo nun 18,90 %. Cuarto.- Formalícese a proposta de normalización en escritura pública, na que se fará constar a aceptación da mercantil solicitante e do Concello e sométase a información pública durante vinte días mediante anuncio que se publicará no BOP .Quinto.- Notifíquese en legal forma o presente acordo a "Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L." coa advertencia de que a iniciación do presente expediente de normalización leva consigo a suspensión do outorgamento de licencias de parcelación e edificación no ámbito (...)".

Consta informe do departamento de cartografía de 17.11.05 no que se describe o aproveitamento obxecto do contrato de compravenda do seguinte xeito: "(...) Comprobada <in situ> la superficie total de ocupación pola rúa Canadelo Alto é de 72,50 m2, contabilizado cun fondo de 15,58 ml., e cuxa descrición é a seguinte: Propietario: Concello de Vigo, inventariado como vías públicas; Situación: rúa Canadelo Alto; Superficie: 72,50 m2; Lindeiros: Norte.- rúa Canadelo Alto, Sur- Vía Norte (túnel Canadelo Alto), Leste-<Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L.>, Oeste-edificio núm. 1 de Vía Norte (...)".

Logo da oportuna tramitación do expediente, o Consello da XMU o 5.10.06 (rectificando outro anterior de 23.03.06), adoptou o seguinte acordo: "(...) De acordo co previsto no artigo 90 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, acceder o desistimento do procedemento de normalización de predios (8871/411), declarando concluso o procedemento. Non obstante, manterase expresamente o contido do punto 2º da parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de xullo de 2004, polo que se acordaba textualmente o seguinte: << Segundo.-Aproba-la recepción formal, como ben patrimonial municipal, do voo construíble sobre a rúa Canadelo Alto, desafectado automaticamente coa aprobación do vixente PXOU de Vigo ó clasificalo como solo urbano e cualificado coa ordenanza de aplicación 1.1.B, de edificación pechada; voo que inclúe a superficie do lateral do solo do camiño imprescindible para empra-los pilares de apoio da estrutura da edificación a executar no voo >>. Acordar a enaxenación directa do dereito a voo sobre o camiño de Canadelo Alto segundo a descrición que consta nos antecedentes e fundamentos <4º> do presente informe-proposta, por un prezo de 416.410,63 € <máis o IVE correspondente> (...)".

Consta novo informe de topografía de 25.01.07.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.-*Natureza da Xerencia municipal de urbanismo e facultades estatutarias para a Xestión do Patrimonio municipal do solo.- A Xerencia municipal de urbanismo está como organismo autónomo administrativo con personalidade xurídica e patrimonio propios para o cumprimento dos seus fins (artigo 1º dos vixentes estatutos). Pese a ter a posibilidade de ter patrimonio propio, ten encomendada a xestión e administración do Patrimonio municipal do solo (artigo 2.c dos vixentes estatutos), pero mantendo o Concello e Vigo a titularidade do mesmo. Por outra parte o Concello de Vigo ten a obriga de formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición (artigo 17.1 real decreto 1372/86, de 13 de xuño).*

2.-*Necesidade de incorporación ó inventario de bens municipal o dereito real de voo ubicado sobre unha parte do Camiño de Canadelo Alto.- En atención ó previsto no artigo 17.1 do real decreto 1372, de 13 de xuño, procede a inclusión dentro do inventario do dereito de real de voo que o planeamento vixente prevé sobre unha parte do camiño de Canadelo Alto. Para unha mellor ubicación, descripción e posterior inscrición rexistral, procede a segregación parcial do vial descrito no inventario de bens co código 1 07 02 00 (c.rueiro 01540) “Rúa Canadelo Alto”, unha superficie de 72,50 metros cuadrados. Acto seguido procederáse a dar de alta no inventario de bens (dentro do epígrafe segundo) “dereitos reais” un aproveitamento urbanístico-dereito de voo coa descripción do informe de topografía de 25 de xaneiro de 2007.*

3.- *Órgano competente para a adopción do presente acordo.- En atención ó previsto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a atribución para a xestión, adquisición e alleamento de patrimonio ven conferida á Xunta de goberno local.*

Por todo elo, fórmase a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Segregar en dous a finca descrita co código 1 07 02 00 (C. Rueiro: 01540), “Rúa Canadelo Alto”, pasando a formar dous fincas independentes coa seguinte descripción:

1. *Código: 1070200.*

C. Rueiro: 01540

Denominación: Rúa Canadelo Alto.

Orixen: Rúa Navarra.

Final: Rúa Pino.

Escala: 1/1000.

Nº Folla: 18-24.

Valor taxación: 6.241,60 €.

Lonxitude: (332-15,58)=316,42 ml.

Sección: 5,50.

S. total: 1.753,50 m2.

2. *Propietario: Concello de Vigo, inventariado como vía pública.*

Situación: rúa Canadelo Alto-tramo 15,58 ml.

Superficie: 72,50 m2.

Lindeiros: N.- Tramo de rúa Canadelo Alto hacia o norte; S.-Rúa Vía Norte –tunel do tramo sur da rúa Canadelo Alto-; L.- “Promociones y construcciones Pérez Paz, S.L.”; O.-Comunidade de propietarios núm. 1 da rúa Vía Norte.

Segundo.- Tendo en conta o acordo de 24 de xuño de 2004 da Xunta de Goberno Local, proceder a inclusión dentro do epígrafe segundo do Inventario de bens municipal o seguinte dereito: dereito a voo sobre o camiño de Canadelo Alto, cun fondo de 15,58 ml e cos seguintes lindeiros: N.- Rúa Canadelo Alto; S.- Vía Norte –túnel Canadelo Alto-; L.- “Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L.”; O.- edificio número 1 de Vía Norte. A parcela municipal sobre a que se ubica o dereito de voo está clasificada como urbana consolidada-ordenanza 4-1ª, de edificación en alinación de rúa de uso residencial multifamiliar. O aproveitamento se materializará tendo en conta a rasante da rúa Vía Norte.

Terceiro.- Proceder a inmediata inscrición rexistral dos bens e dereitos resultantes do presente acordo.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ós interesados informando que contra o mesmo se poderá interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(430).- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA POR TAXACIÓN CONXUNTA NAS PARCELAS 15, 16, 17, 25, 31 E 34 DO PERI IV-09 BAIXADA A SAN ROQUE. DESESTIMACIÓN DE RECURSO. EXPTE. 192/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 5.03.07, conformado polo xefe de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

Na sesión plenaria de 28 de xuño de 2004 adoptouse, entreoutros, o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o <PERI IV-09-Baixada a San Roque>, na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...)". As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP núm 162, do 23.08.04.

A Xunta de goberno local na súa sesión de 27 de xuño de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (expte. 4578/401). SEGUNDO: Esta Xunta de Compensación rexirase polo <Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación> aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 11/12/2003 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 1, do 02.01.2004. TERCEIRO: Requirir aos propietarios do polígono que non participaron na constitución da Xunta de Compensación, a fin de que se adhieran á mesma no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo, mediante manifestación expresa ante notario, nos termos regulados no art. 8.4 do Modelo Xeral de Estatutos, comunicándollos por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Os propietarios non incorporados nin adheridos á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa. SEXTO: Antes da aprobación do Proxecto de Compensación a Xunta de Compensación deberá elaborar un novo plano parcelario actualizado, sobre base topográfica asinada por técnico competente, que deberá ser supervisado, principalmente no que ao deslinde de propiedades municipais se refire, polo topógrafo municipal (...)".

O 27.02.06 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación do "PERI IV-09 -Baixada de San Roque <relacionadas na parte dispositiva deste Acordo>, con Memoria e Planos redactados polo arquitecto don José M^a Catalán de Lis e o avogado Don Enrique Elosua Viteri. SEGUNDO.- Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación no DOG en un xornal dos de maior circulación da Provincia, coa notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos (...)".

No trámite de audiencia dona María Teresa Rodríguez Barros e dona María Josefa Rodríguez Barros presentaron alegación ó acordo de aprobación inicial. Se conclúe o escrito do seguinte xeito: "(...) Que teniendo por presentado este escrito, tenga por vertidas las manifestaciones que contiene y en su virtud se dé traslado del mismo a la Junta de Compensación, y a la vista de las alegaciones se resuelva por el Ayuntamiento la tramitación o suspensión del expediente administrativo correspondiente a la Junta de Compensación del PERI Baixada a San Roque (...)". Acompañábase o escrito dun informe dun xestor inmobiliario no que se aludía que a edificación tiña un baixo comercial de 140 metros, actualmente arrendado a sociedade "Mara Poio, S.L."

A Xunta de Goberno local de 31.07.06, adoptou o seguinte acordo: "(...) Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas (...) rectificar o contido do proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obtención dos bens e dereitos afectados dos propietarios non incorporados á Xunta de compensación do <PERI IV-09 Baixada a San Roque> e consecuentemente proceder á aprobación definitiva do proxecto expropiatorio por taxación conxunta coas modificacións aludidas (...)". A contestación a alegación presentada foi a seguinte: "(...) 2.1 Parcela 34 Alegación presentada por dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (Doc 60041924, 20.03.06).- As cuestións tratadas polas alegantes son as seguintes:

- Falla de contestación dun escrito presentado de 6.10.05, no que se poñe de manifesto a súa intención de ser excluída a súa parcela do proceso reparcelatorio. Neste escrito se poñía de manifesto a escasa diferenza de edificabilidade patrimonializada e a que lle poidera ser adxudicada tra-la aprobación do proxecto de compensación, en consecuencia, aprecian unha falla de equilibrio entre beneficios e cargas. Discrepan sobre a ubicación do aproveitamento a adxudicar por estar ubicado sobre un camiño público ó que dan luces e vistas edificacións exteriores ó polígono.- Ó respecto tense que informar que a propiedade das alegantes figura no PXOU-93 incluída no ámbito do PERI IV-09 Baixada a San Roque, aprobado definitivamente o 28.05.04. Non é obxecto do presente expediente apreciar a oportunidade ou legalidade da exclusión da propiedade das alegantes. A necesidade da inclusión da parcela dentro do ámbito do polígono é obxecto de análise do PXOU-93 e do Plan especial de reforma interior IV-09 San Roque. A superficie das alegantes representa unha porcentaxe inferior ó 8% do ámbito, polo que a súa negativa á incorporación á xunta de compensación non impide nin invalida a tramitación do expediente.
- Numerosos recursos contenciosos-administrativos pendentes de resolución.- Os recursos interpostos certamente están pendentes de resolución, non obstante, non consta que se acordara a suspensión da tramitación do presente expediente.
- Interese en adherirse á Xunta de compensación naquel caso que exista igualdade de trato con respecto ó resto dos propietarios. Así mesmo xustifica un alza na valoración da proposta ata os 540.261,50 €. Achégase un informe dun xestor inmobiliario no que se establece un valor para cada ben afectado sen xustificar o cálculo de acordo ó disposto na Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións. Tampouco en canto á reposición da edificación existente, a aplicación da norma 12 do real decreto 1020/93, de 25 de xuño. Na relación de bens presentada figura unha indemnización por dereitos arrendatarios nun local de planta baixa sen xustificar o citado arrendamento nen a actividade exercida no mesmo.

PROPOSTA: Desestimar íntegramente a alegación presentada (...)”.

Unha vez notificado o acordo aludido, dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (doc 60092866) presentaron escrito o 4.09.06. No escrito se conclúe o seguinte: “(...) que teniendo por presentado este escrito tenga por formulado recurso de reposición, incorporándose a la Junta de Compensación tal y como tenemos interesado, y solo a los efectos procesales se tenga por formulada la disconformidad con la valoración efectuada por la administración sobre los bienes de nuestra propiedad (...)”. Achegou novamente copia do informe do xestor inmobiliario que xa aportou no trámite de audiencia.

O escrito foi contestado por acordo da Xunta de Gobierno Local de 11.12.06.

O 4.01.07 don Benito José Castro Maceira, en nome e representación da entidade mercantil “Mara Poio, S.L.” no que se solicita o seguinte: “(...) que teniendo por presentado este escrito, se sirva acordar la nulidad del expediente expropiatorio, por ser así de derecho (...)”.

En data 16.01.07 dona María Teresa Rodríguez Barros e dona María José Rodríguez Barros presentan novo escrito.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Tramitación de expediente de expropiación por taxación conxunta do PERI IV-Baixada a San Roque.- O procedemento de determinación polo procedemento de taxación conxunta ven regulado nos artigos 143 e seguintes da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. Así mesmo é necesario ter en conta o disposto na Lei de 16 de febreiro de 1954 de expropiación forzosa e o seu regulamento aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957. Con carácter supletorio está vixente o real decreto 3288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. No trámite de audiencia se lle da traslado da folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, no prazo dun mes a partires da notificación. Neste trámite dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros presentaron escrito de alegacións no que non se menciona a existencia dun arrendamento. Unicamente no informe do xestor inmobiliario se fai referencia á un contrato de arrendamento coa empresa “Mara Poio, S.L.” pero sin maior xustificación do mesmo. No acordo de aprobación definitiva do proxecto expropiatorio se fai constar tal feito, no sentido de informar expresamente ós propietarios o seguinte: “(...)Na relación de bens presentada figura unha indemnización por dereitos arrendatarios nun local de planta baixa sen xustificar o citado arrendamento nen a actividade exercida no mesmo (...)”. Tampouco se fixo mención o prazo de arrendamento, renta actual e demais características necesarias para proceder á valoración da suposta extinción do arrendamento. Pese a que neste acto se informou ós propietarios de tal omisión de documentación, presentaron novo escrito no que para nada se fai mención ó contrato de arrendamento, achegando unha copia do informe do xestor inmobiliario (no que se alude someramente a existencia dun contrato de arrendamento coa empresa “Mara Poio, S.L.”), documento que foi aportado no trámite de audiencia.

2.- Consecuencias de non advertir os erros ou omisións no prazo de audiencia previsto no artigo 143.2 da Lei 9/02, de 30 de decembro.- Tal e como establece o apartado 9º do artigo 143 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia os erros non denunciados e xustificadas no trámite de información ó publico non darán lugar á nulidade ou reposición de actuacións, sen prexuízo de que os interesados conserven o seu dereito a ser indemnizados na forma que corresponda. No presente caso, tras advertido no acordo polo que se aprobou definitivamente o proxecto de expropiación por taxación conxunta que faltaba a xustificación precisa para entender que existía un dereito arrendaticio susceptible de ser incluído no expediente expropiatorio, as propietarias non presentaron ningunha documentación. Unicamente no escrito presentado o 4.09.06 voltaron a presentar copia do informe dun xestor inmobiliario. A omisión no proxecto de

expropiación dunha referencia á extinción dun dereito de arrendamento no proxecto de expropiación, é unicamente imputable ás propietarias do inmovible. Por ser ilustrativa se cita parcialmente a STS de 20.1.93 (RJ 1990\83): “(...) Efectivamente, el art. 3 del citado texto señala, como es lógico, que las actuaciones del expediente expropiatorio se entenderán, en primer lugar, con el propietario de la cosa o titular del derecho objeto de expropiación, y si bien el art. 4.1 del mismo texto prescribe la necesidad de entenderse en las diligencias con los titulares de derechos arrendaticios, «siempre que lo soliciten acreditando su condición» (...).” Polo tanto non se aprecia a existencia de vicio procedimental susceptible de implicar a nulidade de pleno dereito do expediente que se está a tramitar. Así mesmo, non concorre un suposto de indefensión que poidera implicar a anulabilidade do acto ó abeiro do artigo 63 da Lei 30/92, de 26 de novembro.

3.- Procedencia da indemnización por extinción de arrendamento.- Naquel caso que se acredite debidamente a condición de arrendatario, tendo en conta o previsto no apartado 9º do artigo 143, procede a tramitación de expediente de determinación da indemnización que lle poidera ocasionar pola extinción do arrendamento. Para elo deberá outorgarse con carácter previo un trámite de audiencia de 15 días ós propietarios e a empresa “Mara Poio, S.L.” para que xustifiquen a condición de arrendatario e os termos do contrato, polos medios que estime oportunos.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De acordo co establecido no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de goberno local.

Por todo elo, SE PROPOÑE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1.- Inadmitir o recurso presentado por dona María Teresa e María José Rodríguez Barros (16.01.07, doc 70005996), dado que o acordo da Xunta de Goberno Local de 31.07.06 que se recorre é un acto firme en vía administrativa contra o que non cabe ningún tipo de recurso en vía administrativa.

2.- Desestimar o recurso presentado por don Benito José Castro Maceira, en nome e representación de “Mara Poio, S.L.”, por entender que no acordo da Xunta de Goberno Local de 31.07.06 non concorre ningún tipo de vicio de nulidade ou anulabilidade. Non obstante, ó abeiro do disposto no artigo 143.9 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ó entender que poidera concorrer un erro non denunciado ou non sinalado no trámite descrito no punto 2º, do artigo 143, procede a apertura dun trámite de audiencia á empresa “Mara Poio, S.L.” e ós propietarios do inmovible para que no prazo de quince días xustifique a existencia do arrendamento que fai motivar a súa reclamación.

3.- Comunicar a presente resolución ós interesados e á propia Xunta de Compensación, informando que contra a mesma non cabe interpoñer recurso en vía administrativa e si contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante ó xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(431).- PROXECTO DE CONVENIO DE RECOÑECEMENTO DE APROVEITAMENTO CO PROPIETARIO DA PARCELA P009BIS DO PROXECTO EXPROPIATORIO DE ENSANCHE E PROLONGACIÓN DA RÚA GANDARÓN. EXPTE. 152/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 5.03.07, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

En data do 6 de xuño de 2003, o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos concretos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Gandarón, entre a Avenida de Madrid e a rúa Alcalde Lavadores -implícita no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana-, incluído no convenio asinado entre esta Administración municipal e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia en data 30.02.2000.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do 10 de outubro de 2003, acordou a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de referencia.

O día 11 e 12.12.03, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, acordou ó levantamento das actas previas á ocupación das parcelas afectadas. O pagamento dos depósitos previos se realizou o 27.10.04.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 7.02.05 se puxo a disposición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a execución das obras de ensanche e mellora da rúa Gandarón.

Na fase de determinación do xustiprezo, o titolare da parcela P-009BIS solita a suscripción do convenio de recoñecemento do aproveitamento urbanístico.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- I.** *Procedencia da formalización de convenio de determinación do xustiprezo.- Os artigos 24 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1.954 e artigos 25 a 27 do Regulamento da devandita Lei aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957, que admiten que o particular, a quen se refira a expropiación, e a Administración beneficiaria conveñan a adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto daquela libremente e por mutuo acordo, que pode producirse en calquera momento do expediente ata que o Xurado decida sobre o xustiprezo.*
- II.** *Cláusulas do convenio.- Dado o avanzado estado do procedemento de aprobación do instrumento de plan xeral, procede ter en conta a clasificación e calificación urbanística da parcela polo documento en tramitación. Entre as cláusulas do convenio, é necesario salvaguardar o dereito do expropiado á percibir o importe determinado en concepto de xustiprezo, naquel caso que non se poida materializar o aproveitamento que se conserva. Xa que logo, procede incluír unha estipulación na que se fixe un determinado prazo para a aprobación definitiva do planeamento xeral. Neste caso sería unha solución posible e perfectamente legal, a de recoñecer o dereito do expropiado/a a percibir a cantidade determinada previamente nas follas de valoración pola Administración ou no seu caso polo Xurado provincial de expropiación en situacións similares.*
- III.** *Procedemento para a aprobación e formalización de convenio de determinación de xustiprezo.- De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede o outorgamento dun prazo de audiencia previo á sinatura do convenio ó interesado/a. Os suxeitos expropiados deberán manifestar expresamente a conformidade coa proposta de convenio.*

IV. Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o establecido no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano que ten atribuída a competencia para adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, procede a adopción do presente ACORDO

Primeiro.- Aprobar o modelo de convenio de recoñecemento da edificabilidade e de determinación do xustiprezo, habilitando ó Sr. Concelleiro delegado de urbanismo para a sinatura do mesmo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados para que no prazo de quince días mostren a conformidade ou disconformidade co texto do convenio que se propoñe para a súa sinatura.

Terceiro.- Contra os precedentes acordos non procede a interposición de recurso ningún por tratarse dun acto de trámite, toda vez de que en caso de que polos expropiados que amosaron a súa preferencia pola opción do convenio non asinen aprobado no dispositivo segundo, continuará a tramitación da fixación do xustiprezo de conformidade co procedemento contradictorio de intercambio de follas de aprecio previsto nos artigos 25 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta incluída no precedente informe.

ANEXO

"(...) CONVENIO DE DETERMINACIÓN DE XUSTIPREZO NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO
.....APROBADO POR ACORDO PLENARIO DE.....

Na Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, a dede.....

COMPARECEN

Dunha parte, o Sr. Concelleiro de Urbanismo, don Jose Manuel Figueroa Vila, asistido polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, don

Doutra, d/donacon D.N.I., veciña enderezo na rúa

INTERVENEN

O Ilmo. Sr. don Jose Manuel Figueroa Vila, en representación do Concello de Vigo.

D/dona, en condición de titular do dereito de propiedade da finca número.....do proxecto expropiatorio..... Xustifica a propiedade mediante.....

Reúnen, xa que logo, os comparecentes, a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente CONVENIO, de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

I

D/dona manifesta que é titular en plen dominio da seguinte finca:

II

No proxecto expropiatorio figura unha finca a nome decoa seguinte descripción:

DESCRIPCIÓN:

TÍTULO:

INSCRIPCIÓN:

III

No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo do 29 de abril de 1993 (PXOU-93) a parcela anteriormente referida figura clasificada como.....

No documento de Planeamento xeral aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004, clasifícase a parcela do seguinte xeito:

IV

Resulta do máximo interese para esta Administración municipal a rápida adquisición da devandita parcela, para a execución da obra.....

O ámbito no que se ubica a citada parcela trátase dun solo clasificado como

V

A parcela que se convenia está valorada pola oficina de actuacións viarias en€.

VI

A natureza deste convenio ven derivada da necesidade de determinación do xustiprezo por mutuo acordo, previsto no artigo 25 e seguintes do D. 26 de abril de 1957, polo que se aproba o regulamento da lei de expropiación forzosa.

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: D.....e o Concello de Vigo acordan por mutuo acordo a determinación do xustiprezo da expropiación da finca descrita no segundo punto dos antecedentes, fixando o mesmo por un importe de€. Mentres non concorran as dúas circunstancias previstas no punto seguinte, o expropiado terá dereito a participar no aproveitamento urbanístico que en execución de planeamento do PERI/UE.....lle poidera corresponder ó Concello.

SEGUNDA: O pago do xustiprezo quedará demorado ata que se den simultaneamente os feitos seguintes: en primeiro lugar, transcurso de catro anos dende a formalización do presente documento e, en segundo lugar, non se dera aprobación definitiva o instrumento de planeamento xeral actualmente en redacción ou que o aproveitamento non fora materializable.

TERCEIRO: Sempre que se dean as circunstancias para o aboamento en metálico do xustiprezo, o suxeito expropiado terá dereito a unha revisión do principal inicialmente determinado, naquel caso que o Xurado de expropiación eleve en circunstancias xurídicas e físicas semellantes o importe do xustiprezo e a resolución sexa firme.

CUARTO: A sinatura do presente convenio ten os efectos previstos para o acto material de pago na Lei de 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa e o regulamento que a desenvolve para o pago (...)"

27(432).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D^a. CAROLINA CLAVO RIVERA CONSTITUÍDA POLA COLOCACIÓN DUN ANDAMIO NA RÚA CARRAL. EXPTE. 25911/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 14.03.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 23 de novembro de 2006 e núm. de expediente 51045-250.06 autorizouse a ocupación da vía pública cun andamio na rúa Carral (parte traseira da r/ Gamboa, 3), condicionada o depósito dunha fianza de 3.000 €. Depositado con número de operación-200600058556 de data 23-11-2006.

Solicitada a devolución da fianza, con data de entrada no rexistro xeral de 28-02-2006 con núm. documento 70025894, remítese o inspector para informe de si sigue facendo uso da vía pública e estado da mesma. Con data 12 de marzo de 2007, o inspector comunica que o andamio retirouse e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de tres mil euros (3.000 €), a favor de D^a. CAROLINA CLAVO RIVERA, depositada na Tesourería municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de tres mil euros (3.000 €), a favor de D^a. CAROLINA CLAVO RIVERA, depositada na Tesourería municipal.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

28(433).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO DA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 18040/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 13.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Primeiro.-O Enxeñeiro industrial do servizo de electromecánicos comunica, o pasado día 16 de febreiro que con motivo da adxudicación do concurso para contratación das obras de construción das escaleiras entre a rúa Uruguay e a Praza de Portugal dacordo co proxecto de obras aprobado pola Xunta de Goberno Local de 17 de outubro de 2006, resulta afectada unha parte do aparcamento subterráneo da Praza de Portugal, nos seguintes termos:

- Ocupación temporal:

1. Aparcamiento:

Prazas	7
Superficie	78,65 m ²
Duración da ocupación	2 meses

2. Almacén:

Superficie	151,34 m ²
------------	-----------------------

- Ocupación definitiva:

1. Aparcamiento

Nula

2. Almacén:

Superficie	24,47 m ²
------------	----------------------

Segundo.-Pola técnica de administración especial de Patrimonio emitise informe o día 8 de marzo sobre o coste da ocupación a que da lugar a execución das obras na concesión administrativa outorgada propoñendo a seguinte indemnización en compensación a éstas:

- Indemnización, pola ocupación con carácter temporal (dous meses), de sete prazas do aparcadoiro e utilización de 151,34 m²: 733,7 euros

- Indemnización pola ocupación definitiva dos 24,47 m² de superficie: redución no canón mensual a aboar de 4,65 euros.

Terceiro.-Considerando que a execución das obras, de interese público, da lugar a unha modificación da concesión administrativa que para a construción e explotación do aparcamento subterráneo da Praza de Portugal foi outorgada polo pleno de este Excmo. Concello en data 28 de agosto de 1972 e da que actualmente é concesionaria a Entidade Interparking Hispania S A, faise necesario a tramitación do correspondente procedemento modificador do rexime contractual existente, no exercicio das prerrogativas e facultades que o ordenamento xurídico lle atribue a esta administración pública, como entidade contratante e titular do servizo público xestionado.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, en exercicio das súas competencias e de conformidade no artigo 127.1 f) da Lei 7/85 reguladora de bases de rexime local, a adopción do seguinte acordo:

1º Incoar procedemento de modificación da concesión administrativa do aparcamento subterráneo da Praza de Portugal, outorgada a Interparking Hispania S A, con obxecto de proceder á ocupación, con carácter temporal e definitivo da parte da superficie do inmovible que resulta afectado polo proxecto de obras de construción dunhas escaleiras entre a rúa Uruguay e a Praza de Portugal aprobado pola Xunta de Goberno Local o 17 de outubro de 2006.

2º Dar traslado do presente acordo e do informe-valoración de data 8 de marzo de 2007 á Concesionaria Interparking Hispania S A, outorgandolle un prazo de 10 días para que teña vista do expediente e poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses e dereitos teña por conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(434).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO-ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZAICÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2007. EXPTE. 2150/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 15.03.07 e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 13.03.07, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello para a organización dos actos da *Reconquista 2007*.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 51.572 euros, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.04 (convenio Reconquista), do programa presupostario de Festas e Animación Cultural para o vixente exercicio e que se aboará á Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello CIF: G-36645885.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.”

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2007.

Vigo, o dous mil sete.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL , e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, Dª ENRIQUE MACIAS CAMBRA, PRESIDENTE e en representación do ASOCIACION VECINAL Y CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36645885, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Oliva, 12 36202 VIGO; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que a Concellería de Festas ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista de Vigo, o 28 de marzo.

2. Que a celebración da Reconquista supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notable participación da cidadanía e convertíndose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.

3. Que ambas partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración da Reconquista 2007, a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da RECONQUISTA 2007 que incluírá as actividades que figuran no anexo II e que persiguen como principais fins:

- ✓ Revalorizar socialmente a zona do Casco Vello.
- ✓ Dar a coñecer a historia da cidade dun xeito lúdico.
- ✓ Fomentar a participación nas actividades culturais
- ✓ do Barrio Histórico.
- ✓ Recoñecer ó Casco Vello como alternativa cultural e de ocio.

SEGUNDA.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 51.572 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, según o orzamento presentado pola ENTIDADE (anexo I), e que se financiarán con cargo á partida 51.2.227.06.04 (convenio Reconquista), do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural do vixente orzamento.

TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

1. *Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesario para tal fin.*
2. *Asumir tódolos gastos que se deriven da organización destas actividades e obter tódolos permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarias para a súa realización.*
3. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
4. *Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de ser o caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.*

5. *Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas; este material terá que ser supervisado antes de súa edición polo persoal técnico do servizo e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, Concellaría de Festas e Animación Sociocultural. Ademais, a ENTIDADE terá que facer mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.*
6. *Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria das actividades obxecto deste convenio, dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: actividades levadas a cabo, número de asistentes, memoria de prensa, balance económico con detalle de gastos e aportando as facturas xustificativas orixinais que terán que reunir as condicións esixidas polo art. 6 do R.d. 1496/2003*
7. *Todo o material elaborado con cargo o presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2007 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pedóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado (en perfecto estado de conservación e limpeza) nun lugar a determinar pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*
8. *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*
9. *A ENTIDE terá que coordinar co departamento de prensa do CONCELLO DE VIGO tódalas presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.*

CUARTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

QUINTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (51.572 €), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800045930040010217 domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, según o seguinte:

- *Un primeiro pagamento a conta por importe de 25.786 €, o día 30 de marzo.*
- *Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 25.786 €, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos trinta días seguintes á finalización da programación. O pagamento realizarase previa certificación da responsable técnica da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.*

SEXTA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, e composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un pola Asociación Veciñal e cultural Casco Vello, como secretario actuará un técnico do Concello.

SÉTIMA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas e animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

OITAVA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de xuño de 2007 e, así mesmo, non será prorrogable.

NOVENA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

30(435).- REPARACIÓN DA PASARELA METÁLICA SOBRE A AVDA. CASTELAO Á ALTURA DA RÚA RAMÓN BUS CON QUINTELA. EXPTE. 12044/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Por indicacións do Concelleiro delegado dos Servizos Xerais, realizase visita de inspección ao 1º das pontes de comunicación peonil entre as beirarrúas da Avda. Castelao á altura da Rúa Ramón Bus con Quintela.

Según informe do Aparellador Municipal D. Miguel Angel Carrera Mouriño, de data 14 de marzo, obsérvase unha clara falta de mantemento, con óxido e falta de pintura en moitas zonas dos pilares, en especial nos encontros co pavimento, moi degradados polo uso e o paso do tempo. As bases dos pilares da ponte presentan danos moi importantes, con inexistencia ou merma considerable de material que poidera dar lugar, dado o avance do óxido, ao colapso da estrutura con risco importante para persoas e vehículos.

Segundo o presuposto do aparellador municipal, a inversión económica necesaria ascende á cantidade de 65.000 Euros (IVE engadido) para levar a cabo a reparación da pasarela.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Aprobar a contratación polo procedemento de emerxencia do expediente para a Reparación da pasarela metálica sobre a Avenida Castelao á altura da Rúa Ramón Bus con Quintela por importe de 65.000 Euros (IVE engadido), a favor da empresa Calvimar Galicia, S.L..*

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda Aprobar a contratación polo procedemento de emerxencia do expediente para a Reparación da pasarela metálica sobre a Avenida Castelao á altura da Rúa Ramón Bus con Quintela por importe de 65.000 Euros (IVE engadido), a favor da empresa Calvimar Galicia, S.L.

31(436).- SOLICITUDE DE REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO DE “CONSTRUCCIÓN DA NOVE PONTE SOBRE O RÍO LAGARES, NA BAIXADA Ó PONTILLÓN”. EXPTE. 34167/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 9.03.07, que di o seguinte:

Antecedentes

Tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos, D. Sergio González Prada de data 27 de febreiro de 2007, relativo á necesidade de redacción dun modificado a coste cero do proxecto de “Construcción da nova ponte sobre o río Lagares, na Baixada ao Pontillón”, para poder solventar unha serie de deficiencias constructivas que impiden que a obra se realice tal e como estaba proxectada inicialmente, permitindo asimesmo a execución de outras unidades de obra necesarias, sin que isto supoña ningún coste adicional sobre o proxecto inicial.

Faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1º.- *Aprobar a solicitude de redacción do proxecto modificado a coste cero do proxecto de Construcción da nova ponte sobre o Río Lagares, na Baixada ao Pontillón, dacordo co escrito do Enxeñeiro Municipal de data 27 de febreiro de 2007.*

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a solicitude de redacción do proxecto modificado a coste cero do proxecto de Construcción da nova ponte sobre o Río Lagares, na Baixada ao Pontillón, de acordo co escrito do Enxeñeiro Municipal de data 27 de febreiro de 2007.

32(437).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez